

DIXITALIZADOR



Nome: Manuel Ramón Varela Vázquez

Data de nacemento: 15-09-1978

Biografía: Manuel Varela desenvolve a súa carreira como técnico especialista en edición de vídeo e fotografía, experto en recursos informáticos e músico, ademais de ser formador colaborador para actividades culturais.

Fórmase na academia Videorama como informático e cursa estudos de edición dixital nos anos 1995 e 1996. Como músico tradicional, a súa formación comeza a carón dos recoñecidos gaiteiros Os Garceiras e Mingos Fuciños. Cursa estudos oficiais de música no Conservatorio Municipal de Melide (1994-2000), na especialidade de fruta.

Foi mestre de gaita, percusión, acordeón, canto e linguaxe musical en varias escolas e asociacións culturais, e director musical dalgunhas delas: Agrupación Bico da Balouta, de Agolada; Escola de Música Tradicional e grupo O Castro, de Toques; banda de Gaitas Castro Curbín, de Arzúa; Escola de Música Tradicional de Mesía; agrupación Xirandola, de Bandeira.

Foi responsable da sección de vídeo do estudio Foto Luis en Arzúa entre 2004 e 2007; é xerente desde 2008 á actualidade da empresa Imaxina Comunicación Audiovisual. Traballa no proxecto do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade desde 2009.

Dende o ano 1988 desenvolve a súa actividade musical en agrupacións de moi diverso estilo e procedencia; destaca o seu paso e colaboración con grupos como Froito Novo, A Quenlla, Leirabuxo, Carlos Núñez, Os Melidos ou Não, entre outros.

[15-02-2017]



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades